



ORGANIZACIÓN: ASOCIACION COLECTIVO REMONTE & CONCELLO DODRO

REGULAMENTO da CAMIÑATA NOCTURNA de DODRO

-Camiñata nocturna é unha proba de sendeirismo organizada pola Asociación Colectivo Remonte e a Concellería de deportes do concello de Dodro.

-A organización: Poderá facer as modificacións que sexan necesarias, para o correcto desenvolvemento da proba. En caso de forza maior podería chegar a suspender a proba.

- **A organización:** Resérvase o dereito de poder retirar aos participantes que entenda no se atopen nas condicións físicas axeitadas para rematar a proba ou as que non respecten o medio. Tamén poderá descalificar a os participantes que: corran, troten ou no respecten os tempos de retención establecidos.

- **A organización:** **Subscribirá un seguro de accidentes para tod@s participantes da proba,** polo que non se fará responsable dos danos que poidan sufrir os participantes, estando polo tanto exenta de calquera tipo de indemnización.

- **Os participantes: Teñen a obriga de seguir as indicacións dos organizadores.** Convén que dispoñan de licenza federativa (ficha montaña), ou dalgún seguro deportivo particular, que lle cubra calquer accidente que poida sufrir durante a proba.

- **Os participantes:** Terán a obriga de socorrer aos accidentados que necesiten axuda, así como avisar dos percances, nos controis de paso que se atopen máis preto da incidencia.

- **Os participantes:** autorizan á organización á gravación da súa participación, eo consentimento para a súa imaxe para a promoción e difusión da imaxe da proba en todas as súas formas (radio, prensa, vídeo, foto, internet, carteleira, medios de comunicación, etc.) e cede tódolos dereitos relativos á explotación comercial e publicitaria que consideren oportuno executar, sen dereito pola súa parte de recibir compensación económica algunha.

- **Os participantes: Saiben que os tramos do percorrido que vaían por estradas o rúas de poboacións non estarán cortados ao tráfico rodado,** debendo gardar as normas xerais de Tráfico ou as indicacións da Organización. **Obrigatorio cruzar as estradas polos pasos de peons ou sitios balizados.**

- **Os participantes: menores de idade deberán ir acompañados por un familiar ou titor,** que será o responsable dos mesmos mentres estean facendo a proba.

- **Os participantes:** Aceptan que o importe da inscrición non será reembolsable en ningún dos casos.

- **O feito de facer a inscrición conleva que: tódolos participantes asumen os riscos da proba e aceptan as condicións da organización.**